

Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº121/ Ano: 2026 / 1º xornal Mes de marzo/ Estado de preparar os Capuchóns

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Un ano máis a D. Xeral de Xuventude deixará a Ons sen Campo de Voluntariado? **Páx. 1**




Limpeza e prevención da Xunta para evitar lumes en Ons. **Páx. 2**



Novos libros sobre Ons, concretamente sobre o seu Faro e sinais marítimos da ría. **Páx. 5**




Haberá nova pasarela para o verán? **Páx. 1**



Efectos do temporal nas baixadas á praia de Canexol. **Páx. 4**



Salgadoiro de Suxestións: Arqueoloxía en Sálvora e Ons. **Páx. 3**



Necesaria biblioteca no Parque Nacional (II). **Páx. 5**



Máis cursos de guías, menos anotados nas rutas do Parque. **Páx. 4**



III Cata a cegas de Viños Populares. Quinteiro de Temperán. O Grove **Páx. 6**



Cocido galego na Illa de Ons. **Páx. 6**

Breves:

- Ons na Memoria: Eugenia. **Páx. 2**
- A Illa sen luz. **Páx. 3**
- O patio do Centro de Visitantes. **Páx. 7**
- Alvarito pesca lampreas na ría de Vigo. **Páx. 8**
- Actividades do Parque nacional. **Páx. 8**
- Faro de Ons, hai 100 anos. **Páx. 9**



VOLVERÁ A DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE A DISCRIMINAR Á ILLA DE ONS? 25/02/2026

Levo/amos anos reivindicando á D. Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia que non exclúa a Ons, e demais illas do Parque Nacional, dun Campo de Voluntariado (antes chamado Campo de Traballo) por quendas quincenais durante o verán, cando si o favorece, patrocina e organiza nas illas Cíes.

Vemos como o presidente da Xunta recrimina ao goberno central, que Galicia non teña o mesmo trato que Cataluña, pero, ao mesmo tempo, el permite que Cíes teña unha atención preferente, ante as demais illas do Parque. É dicir, mira un minúsculo gran de area no ollo alleo e non ve un completo deserto no seu.

Os Campos de Traballo naceron de xeito oficial en Cíes e Ons a finais da década de 1970. Descoñezo o funcionamento do de Cíes naquel tempo, aínda que supoño, ao estar dirixidos polo mesmo organismo, Delegación de Cultura de Pontevedra, que sería o mesmo que o de Ons.

En **Ons**, a carón do administrador xeral dos campamentos e campos de traballo que alí se instalaban e que levaba todo o organigrama e infraestrutura, o Campo de Traballo tiña un Xefe de Campo, que organizaba o labor dos mozos, xunto cos responsables de Medio Ambiente na Illa, e unha persoa encargada de actividades complementarias.

Mentres estiveron en **Ons**, o seu funcionamento foi impecable. O traballo desenvolvido excelente e iso que o material co que contaban daquela era menos que precario, aínda así lle poñían moita ilusión porque sabían que estaban realizando unhas tarefas necesarias para a illa e a comunidade que alí habitaba. Efectuaban todo tipo de faenas: dende arranxos loxísticos no propio espazo dos Campamentos ata limpeza de camiños, de monte, de praias,..., arranxos e pintura de lavadoiros, labores de limpeza e posta a punto nos locais da administración,..., axuda á construción de novos servizos necesarios como a fonte de Caniveliñas no seu día,..., e, en especial, a insufrible **loita contra o lume** que durante toda a década de 1980 levaron a cabo, sen ningunha experiencia e contando co material máis ridículo que poidan imaxinarse contra os incendios, como: xestas, ramas, paus, caldeiros, cacharros de sulfatar,..., non sabemos aínda como non houbo algunha desgraza irreparable, pois os peores incendios eran de noite, e alí estaban eles, sen coñecemento do terreo e sen material adecuado, loitando contra as lapas.

Vostedes pensan que nalgún momento a administración llelo agradeceu!!!. O sufrimento que pasaron, sábeno eles e iso que, para asistir a eses Campos de Traballo, igual que hoxe aos de Voluntariado en Cíes, teñen que abonar unha cantidade de cartos, <pagar para traballar> e, aínda por riba, como llelo agradeceron? Suprimindo os Campos de Traballo de Ons, e sen embargo, deixalos en Cíes. Increíble o que fan os políticos e, en contra dos seus intereses. Sobre este despropósito e por se había algún motivo especial que xustificara esta inxustiza cara a Ons, preguntamos aos responsables do Parque; que nos contestaron, que ese tema era cosa de Xuventude.

Pois ben, aquí estamos outro ano máis reivindicando para Ons, a única illa do Parque Nacional habitada, que non sexa marxinada por la Xunta de Galicia (D. X. de Xuventude) e que este ano conte tamén cun Campo de Voluntariado pois, podemos asegurarlles, que é tan necesario, ou máis, que nas Cíes.



Os mozos do Campo de traballo utilizaban mochilas sulfatadores e xestas para a loita contra o lume en Ons nos anos 80 s. XX.



Principios dos campamentos e campos de traballo en Ons. No centro as tendas dos rapaces. Arriba, á dereita no círculo, as tendas dos mozos do campo.



Este pasado 20 de febreiro, puiden comprobar que, da pasarela á Praia de Area dos Cans, só está habilitada, pero en mal estado, a parte que vai dende a baixada do Centro de Visitantes á praia. Esperemos que estea lista o antes posible.



ONS NA MEMORIA

Eugenia, tía de Chefa (Macenlla) a muller de Emilio (Pitiso) levando un feixe de broza para a corte situada no Cucorno, a poucos metros do Faro.

Eugenia, xunto co seu irmán, Candiño, eran uns dos máis importantes baluartes da etnografía da Illa de Ons.

Dela, Fernando Alonso Romero, obtivo, a principios da década de 1970, a suficiente información para realizar o seu magnífico traballo: “A Santa Compañía das Illas de Ons e Sálvora”.

Eu tamén tiven a sorte de poder falar cos dous e conseguir un bo número de historias.

A VAGA DE INCENDIOS EN GALICIA

Historia do lume en Ons. Prevención (IX)

Xa vimos que durante as décadas do 1990 e 2000 os incendios foron escasos e, xa como integrante do Parque Nacional, practicamente nulos. Houbo un mellor control dos visitantes, unha boa relación cos aunienses e unha vixilancia máis completa, que dura ata os nosos días. Pero, para que iso continúe hai que ter un protocolo de prevención, material adecuado e persoal de mantemento na propia illa.

Ata o 2010 os aunienses seguían tendo en posesión ou como usufrutuarios, os terreos e monte nos que, dende sempre, cultivaron e recolleron broza para os animais e abono das fincas. Eles mesmos encargábanse de coidalas, xa sexa sementando ou preparándoas para plantar; a maleza nelas non ía adiante, non existía. Pero, sempre hai un pero, obrigaron aos veciños a emigrar, pola falla dun peirao adecuado e logo (2010), a Xunta de Galicia, por **imperativo legal**, impúxolles unhas concesións para as súas casas e para os terreos que quixeran cultivar, co pago dun imposto.

Agás os veciños que quedan alí todo o ano, os demais só pagan a concesión e un pequeno canon polos terreos lindeiros coas vivendas, non podían pagar por uns terreos que non podían cultivar pola falla de medios e a Consellería de M. Ambiente e Medio Rural (Xunta de Galicia) non favorece o cultivo, o que obriga a que Ons sexa parte da <Galicia Vaciada> ou “**Illa baleira**”.

Pois ben, agora, máis do 90% dos terreos de Ons están ao cargo de Parques (Consellería de M. Ambiente e D. Xeral de Patrimonio Natural), polo que, son estes organismos os que teñen que ter ese espazo limpo para previr os incendios que dun xeito natural, por descoído ou por se a algún energúmeno se lle dea por plantar lume.

Teñen que predicar co exemplo, non poden estar obrigando ás comunidades de montes, particulares,..., a ter o monte e fincas en perfecto estado e, onde eles teñen todas as competencias, pasar do tema.

É por iso, que **a prevención é cousa de todo o ano**, por iso, a Xunta ten que ter en Ons unha brigada de mantemento que, cunha programación adecuada e con persoal preparado, teña unha illa, que pertence a un Parque Nacional, cumprindo todos os protocolos contra incendios. O lume, non se apaga só no inverno, como din, apágase durante todo o ano, cumprindo a administración as regras que obriga a todos os cidadáns.

Polo xeral, nos últimos anos, Parques contrata a un retén de incendios que, durante o verán, a carón de estar vixiando, realizan un traballo de limpeza, que, todo hai que dicilo, os dos últimos veráns, fixeron un traballo excelente. Pero rematan no mes de outubro e ata o mes de xullo do ano seguinte, a maleza en Ons crece e, cando chegan de novo ao verán seguinte, o traballo é inmenso, o bosque enorme e, de producirse un incendio, moi difícil de sufocar.

Cando estaba a escribir esta nota (25/02/2026) comunicáronme que, acaban de chegar a Ons un grupo de mantemento, entre os que están, algúns dos que no verán fixeron un traballo de limpeza en Ons extraordinario.



Extraordinario traballo de limpeza que levaron e están a levar os de mantemento. Ogallá o contrato dure todo o ano.



ARQUEOLOXÍA NO PARQUE NACIONAL: ILLAS DE SÁLVORA E ONS.

Os estudos arqueolóxicos nas illas que agora conforman o Parque Nacional e, sobre todo para nós na Illa de Ons, foi un punto de reivindicación, dende hai máis de 50 anos. Un dos persoeiros que levou esa loita, foi o catedrático e historiador Fernando Alonso Romero autor dun bo número de estudos sobre estas illas e, en concreto, sobre a Illa de Ons xunto coa súa muller, a médico María Castroviejo Bolívar. Dende o descubrimento do primeiro maravedí nunha destas illas, púxose en contacto comigo para expresar a súa opinión ao respecto e que eu inserín neste minixornal. De novo, aquí as deixo, xunto coa última, sobre o achado na Praia de Area dos Cans en Ons:

Onstopus nº 35. 2021. Mes de agosto

“Querido amigo: Muchas gracias por la información que envías en la revista Onstopus. En ella leo que ha aparecido un maravedí en la isla de Sálvora. ¿Se sabe exactamente en dónde? Te lo pregunto porque hace unos cuarenta años estuve en Sálvora invitado por su antiguo dueño D. Joaquín Otero Goyanes. Durante la exploración que realicé, además de cerámica que me pareció de la Edad del Bronce, encontré en la superficie del suelo un maravedí que se lo entregué a su dueño. Si el lugar de mi antiguo hallazgo coincide con el nuevo, creo que es señal de que hay más y sería interesante que Patrimonio realizara una excavación. El maravedí que yo encontré creo que era del siglo XV. Un abrazo, Fernando”.

Onstopus nº 36. 2021. Mes de setembro

No anterior número, sacaba a suxestión de Fernando Alonso Romero sobre o maravedí atopado en Sálvora, onde me pedía datos sobre o lugar onde aparecera. Eu envieille a nota de prensa do Faro, onde poñía: *“a unos veinte metros en dirección al faro desde el cruce en el que se puede escoger ir hacia allí o a la aldea”*. El contestoume do seguinte xeito: *“Gracias Tino, por la información. Pero no coincide con el lugar de mi hallazgo; lo cual indica que en esa isla hay mucho que descubrir sobre la historia de su población. Me sorprende que la encontraran en la superficie del camino; lo que quiere decir: o bien que ese camino es muy antiguo o que la lluvia y el viento la desplazaron del lugar en el que se encontraba originariamente. Por lo que es probable que en sus cercanías se encuentren más monedas, no necesariamente producto de un descuido de su antiguo dueño, sino de un tesoriño por descubrir. Para darle un interés romántico a la escena, pensemos en los piratas que pudieron pasar por ahí, o en los temores de los isleños a ser robados por ellos...”*

Última suxestión de Alonso Romero sobre o achado en Area dos Cans. Ons:

Onstopus nº 121. 2026. Mes de marzo

Muchas gracias por el envío de Onstopus. Me ha llamado la atención el descubrimiento de un maravedí en la playa de Ons. No es la primera vez que aparecen monedas antiguas en la costa gallega, ha habido más casos. Recuerdo que cerca de Corcubión aparecieron monedas en la orilla del lugar llamado precisamente "Punta do diñeiro". Ese nombre se lo pusieron porque después de varios años de aparecer monedas en ese lugar, se localizaron los restos de un galeón de la Armada invencible, que se había hundido frente a ese lugar. A la vista de ese episodio, me pregunto si existirá también algún pecio en las cercanías de esa playa de Ons. Hay que recordar que los pasados días hubo muchos temporales que pudieron haber alterado las corrientes del fondo marino y arrastrado esa moneda hasta la playa de Ons. El tiempo lo dirá.

Aquí queda esta suxestión para que Parques e os arqueólogos actúen en consecuencia.



Maravedí atopado na illa de Sálvora



Maravedí atopado na Illa de Ons



DE SER O ÚNICO LUGAR DE GALICIA ONDE HABÍA LUZ NO APAGÓN, A ESTAR A OSCURAS EN PLENO SÉCULO XXI

Un bo número de casas, levan sen luz en Ons dende hai uns meses. Este pasado fin de semana 29/02/2026, aproveitando o bo tempo, moitos veciños ían airear as casas e poñer algunha lavadora, atopáronse coa falla de luz e, polo tanto, sen poder realizar os labores que ían facer, pois, sen electricidade, tampouco tiñan auga, non podían cociñar, e quedar a durmir, co frío e a humidade que había, ao estar as casas tanto tempo pechadas, non era de recibo, así que, esa finde, un ola e adeus.

AS BAIXADAS Á PRAIA DE CANEXOL

Canexol é unha das praias de Ons que posúe unha area excelente e unhas augas moi limpas e transparentes. Certo é, que con marea baixa, ten dificultade para o baño, pero iso non vai restar importancia a ser unha das mellores praias de Ons.

A historia que quero contar, comeza na súa baixada de sempre, fronte á antiga casa agrícola do Marques de Valladares e que despois converteuse en escola, reitoral e casa dos mestres.

Era unha baixada natural, sen preparar, sobre a importante duna, aínda que, ao longo do cantil da praia, había varias baixadas, estreitas, que utilizaban os veciños da zona para baixar.

A duna, co paso tempo, a administración coidou que había que protexela pois, entre outras cousas, fora utilizada a súa area para levantar e arranxar as casas da illa, tanto polos veciños como pola administración. Pechárona, pero deixaron baixar por ela igual, co que é como non facer nada.

Dende hai anos levo/amos pedindo que a pecharan ben e que habilitaran unha das pequenas baixadas que había a menos de 50m. Despois de anos solicitándoo, por fin o fixeron, pero, sempre hai un pero, cunha importante pendente que, para baixar cun carro de bebe ou cunha cadeira de rodas, poñíase complicado, sen embargo, era un bo avance para salvar a duna. Que pasou logo? Que non pecharon a baixada pola duna, co que todo seguía igual. Solicitamos que buscaran solucións, primeiro falando cos veciños do barrio e logo ver a mellor solución, pero nada, os turistas ao chegar, ven esa baixada e xa non seguen, baixan por ela, ao non está pechada.

Arranxaron unha das baixadas, a menos de 100 m, pero, como pasa sempre coas obras en Ons, quen a fixo, non realizou un traballo de investigación adecuado, pois, nesa praia, en días de temporal e marusía, o mar chega ata o cantil (xa puxen fotos do tema noutros Onstopus) e, en calquera momento podía pasar o que pasou este ano, a marea chegou ata o cantil e, por suposto ata esa baixada, e comeu a terra por debaixo, quedando totalmente esnaquizada na parte que linda coa praia.

Que podemos dar como suxestión, que as obras que se realicen en Ons teñan un bo estudo previo, que logre evitar o que despois, por desgraza e que comprobamos todos os anos, pasa.

Xa veremos os traballos que están realizando en Curro o que nos depararán co tempo.



Fotos, de arriba abaixo: Baixada inicial fronte á casa agrícola. Como se atopaba unha das outras baixadas a case 100m da primeira. Como a arranxaron no seu momento. Como quedou despois das borrascas e temporais de 2026.

DESCUBRINDO AS ILLAS ATLÁNTICAS
Primavera 2026

APÚNTATE ÁS RUTAS GUIADAS CO EQUIPO DE GUÍAS DO PARQUE NACIONAL

ONS, A ILLA E O MAR
Sábado 28 de febreiro
Saída de Bueu ás 10:15h e regreso ás 18:15h
Transporte 16,50€, 20 prazas

CÍES, UNHA VIAXE NO TEMPO
Sábado 14 de marzo
Saída de Vigo ás 10:30h e regreso ás 18:30h
Transporte 14€, 20 prazas

CORTEGADA, O SEGREDO DUN BOSQUE NO MEDIO DO MAR
Sábado 7 de marzo dende Vilagarcía, 10:15h-14:45h. 12€. 14 prazas
Sábado 21 de marzo dende Carril, 08:45h-14:15h. 15€. 15 prazas
Domingo 26 de abril dende Vilagarcía, 9:45h-13:30h. 15€. 11 prazas

ONS, UNHA ILLA DE NOMES
Martes 14 de abril
Saída de Bueu ás 10:15h e regreso ás 17:15h
Transporte 16,50€, 20 prazas

RESERVAS E INFORMACIÓN:
www.illasatlanticas.gal/actividades
@atlanticas@xunta.gal 886 218090/82



RUTAS GUIADAS POLAS ILLAS ATLÁNTICAS ORGANIZADAS POLO PARQUE NACIONAL

Un ano máis o Parque organiza unhas Rutas polas illas que forman o Parque Nacional.

De novo quero expresar a miña opinión sobre estas Rutas, que son fantásticas, pero, o que non entendo é o por que nas illas de Cíes e Ons, illas maiores e nas que se poden organizar moi ben as visitas, só poñan 20 prazas por ruta. Coido que o mínimo de prazas debería ser de 50 e, quizais, un máximo de 75 sempre e cando non se dispoña de guías suficientes.

Sen problema, cada guía pode ocuparse de 25 persoas e poden organizar a Ruta en dous ou tres grupos de 25, só hai que contar con 2 ou 3 guías. Para que se fan tantos cursos de Guías Acreditados, se despois non os contratan?

En Ons e Cíes, 3 grupos de 25, poderían facer a ruta e visita ao Centro de Visitantes sen entorpecerse. Os guías poden costealos os visitantes.

IMPRESINDIBLE UNHA BIBLIOTECA OU ARQUIVO NA SEDE DO PARQUE NACIONAL ILLAS ATLÁNTICAS (II)

Introdución (II)

Seguindo co exposto no anterior Onstopus sobre este tema dicir que, os investigadores, que tendo a man o Centro de Interpretación do Parque Nacional a onde poderían acudir para solicitar información e revisar bibliografía e documentación, seguen acudindo a min ou Pineiróns para obtela.




Nestes primeiros meses do ano: unha persoa que quere realizar a tese sobre algún aspecto de Ons, púxose en contacto con Pineiróns solicitando consello sobre varias ideas e posible bibliografía ao respecto. Outra persoa, que está realizando unha especie de documental, veu solicitando fotos antigas. Tamén un estudante de periodismo que está a facer unha reportaxe sobre Ons, solicitounos datos e fotos. E xa por último, fai uns días, a empresa que está a realizar obras en Ons, pediunos axuda en toponimia para un póster-mapa que van a realizar. ...

Sen dúbida, todos recibiron a nosa colaboración desinteresada, pero lles dixemos que tamén se dirixiran ao Parque Nacional solicitando esa mesma axuda e cooperación e que lles exixan ou, polo menos, lle recomenden, que na súa sede principal, exista unha biblioteca ou arquivo coa documentación sobre as illas do Parque.

En moitas ocasións, preguntánnos en que bibliografía poden buscar información sobre un tema en concreto. Se está da nosa man, por exemplo na revista AUNIOS, no minixornal ONSTOPUS ou está dixitalizado e posta en internet, pasámoslle o enlace e, se nese intre o recordamos, dámoslle información sobre o libro, revista, autor,..., ou lugar onde atopalo.... Pero, se son libros ou algún documento en concreto que necesitan consultar e non están nos medios, aí xurde o problema, a onde poden ir a examinalo e lelo?

De aí a obrigatoria necesidade de que o Parque Nacional, na súa Sede Central e, tamén a poder ser, unha pequena mostra de cada illa en concreto, nos Centros de Visitantes das illas, posúan un espazo que acolla unha Biblioteca ou Arquivo dirixido por unha persoa especialista e, a poder ser, que teña boas dotes comunicativas e sexa un bo dinamizador.

No seguinte Onstopus, analizaremos a idea dunha Biblioteca ou Arquivo no Centro de Interpretación do Parque na súa Sede Central de Vigo.



SEGUNDO LIBRO EDITADO POLA AUTORIDADE PORTUARIA DE MARÍN E RÍA DE PONTEVEDRA

Atopámonos na celebración do centenario da reforma do Faro de Ons (1926-2026). Por mor dese acontecemento, a Autoridade Portuaria de Marín editou dous libros moi interesantes. O primeiro co título de: “Ons, la memoria del Faro” que, como din, é unha aproximación ao servizo dos sinais marítimos do Porto de Marín, do que xa falamos neste minixornal no nº 103, páx. 9: <http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/103/onstopus-103-portada.gif> E agora veñen de editar “Rojo a Babor”, que é historia das luces da ría de Pontevedra.

O primeiro está dedicado integramente ao Faro de Ons e ao seu museo, este segundo, dedícanlle a Ons da páx 27 á 77, aínda que ao longo das súas páxinas se menciona dabondo.

Tanto un como outro, están escritos por María G. Eyo, Xefa da división de comunicación e responsabilidade social corporativa da Autoridade Portuaria e Enrique Abati ex-farero de Ons e posteriormente ocupándose da xestión e mantemento das axudas á navegación marítima da Autoridade Portuaria.

Como lle comentei a Quique Abati despois de ler a parte correspondente a Ons: “É un libro moi denso, con moita información, feito dun xeito técnico, pero, dende logo moi ilustrativo e de onde se poden extraer moitos datos para futuros traballos, artigos,...”

Parabéns para os seus autores e para a Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra, polas dúas publicacións.

EMPIEZA MARZO CON ESTE PLAN GASTRONÓMICO

Cocido gallego en la Isla de Ons

Domingo 8 marzo
Salida de Bueu a las 10:00h con regreso 17:30h
Precio: 45€ / 20€ (4-12 años)

Incluye barco + ruta guiada + menú completo (sopa, cocido, bebida, postre y café) y con animación tras la comida



PIRATAS DE NABIA

Domingo 8 marzo Ruta de la memoria

Homenaje a las mujeres de la Isla de Ons y de la Isla de Sálvora

Salida de Bueu 10:00h con regreso 17:30h

25€ adultos | 12'5€ niños
Opción de Cocido Gallego en el restaurante Casa Acuña por 29€ más

www.piratasdenabia.com
986 32 00 48



PIRATAS DE NABIA

COCIDO EN ONS

O pasado domingo día 8, tivo lugar en Ons o típico cocido galego que dende hai anos vén realizando o Grupo Acuña polas datas do entroido.

Coincidiu co Día Internacional da Muller e houbo varias opcións: Viaxe a Ons con visita guiada. Viaxe a Ons con visita guiada e cocido. Ruta da Memoria: visita guiada a Sálvora, logo a Ons con cocido e visita guiada. Cadrou un día estupendo e foi moi aproveitado.

O xantar abundante e exquisito. Despois do xantar houbo unha animación musical e sorteo de agasallos.



Mesa dos veciños de Ons.



Vista xeral do comedor durante o cocido



No incomparable ámbito etnográfico do **Quinteiro de Temperán** (San Vicente do Grove), tivo lugar a **“III Cata a cegas de Viños Populares”**, brancos e tintos.

Este ano houbo uns viños de moita calidade. Participaron 14 tintos e 11 brancos.

Despois, os que quixeron, puideron degustar un menú tradicional a base de: Mexillóns ao vapor, legumes con ovos e pescada en caldeirada. Dende logo, viño non faltou.

Fotos:

Arriba: O xurado catando os brancos e tintos.

Abaixo: Juan Castiñeiras recibindo o diploma de participación.

CENTRO DE VISITANTES. APROVEITAMENTO CULTURAL DOS SEUS PATIOS (I)

Cando a partires de 1980 a nova escola de Curro quedou sen o seu titular, aínda que seguía dando clases de recuperación no verán, solicitamos que os espazos desas escolas que non utilizaba na etapa estival o mestre, se converterán nun museo sobre a historia e a etnografía de Ons; museo que, dende mediados dos anos 70 s.XX, viñan pedindo para Ons persoas vinculadas coa cultura galega e que estiveran investigando na Illa. Pois tiveron que pasar máis de 30 anos, para que a administración decidira converter ese espazo nun Centro de Visitantes.

Foron os responsables do Parque Nacional, alá polo ano 2009, quen o puxeron en funcionamento, o que foi de agradecer pola súa necesidade, pois Ons tiña moito que ofrecer e o Museo-Centro podía solucionar ese baleiro.

Neste minixornal tocamos dabondo o tema do funcionamento deste Centro “Onstopus nº: 28,29,30,31,32,33,35,37,38,49,51,73,..., para visualizalos” (<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>)

e, incidín tamén na necesidade de buscar unha utilidade práctico-didáctico-activa a este patio que, como moitas cousas a través do tempo, durmían un soño letárxico de inutilidade. Un exemplo foi aproveitar un espazo para albergar materiais de exposición pesados e de moito volume que, ou era imposible meter dentro do Centro ou representaba un enorme problema. Poden lelo nestes enlaces números: 30 e 38, do minixornal Onstopus.

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/30/onstopus-30-portada.gif>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/38/onstopus-38.pdf> ,

Xa pasaron uns anos dende que se publicaron estas suxestións (2021), pero os patios do Centro, sobre todo o grande, seguen sen buscárselle unha utilidade cultural práctica ou de apoio a outras actividades que se desenvolvan na Illa.



FINAIS DÉCADA DE 1970



2014

Na foto da esquerda o patio de recreo daquela, a finais dos anos 70 s. XX, sen árbores. Quizais nesa etapa poderían ter utilidade para dar sombra e que os rapaces nos días de sol puideran aproveitar ese espazo nos seus intres de descanso escolar.

Na foto da dereita, xa pasados máis de 30 anos, vemos as árbores que, tanto na parte exterior das escolas, Curro, como nos seus patios, plantou o Icona, cando, polo menos para dar sombra aos rapaces, xa non facían falla, non había mestre nin servizo escolar.



2021



2026

Co paso do tempo, pola climatoloxía e a falla de coidados por parte da administración, esas árbores foron deteriorándose, chegando a constituír un perigo; os ventos do sur sopran con gran forza no inverno, polo que solicitamos a súa tala e buscar unha solución práctica en actividades do Parque a ese espazo-patio do Centro. Foron pasando os anos e vemos nas fotos adxuntas dos anos 2021 e a máis recente do 2026 como as primitivas árbores foron desaparecendo por causa da meteoroloxía, sen embargo, incomprendiblemente, plantaron outras, como loureiros que, pola falla de coidados, como é habitual en Ons ao faltar un equipo de mantemento permanente e cun programa de actuación serio, acabarán do mesmo xeito que as anteriores.

Como xa temos explicado en anteriores Onstopus, eses patios poderían cumprir un obxectivo de actividades culturais importantísimo, á vez de poder servir de refuxio aos grupos que, durante o inverno, e mesmo no verán, acoden ás Rutas que se organizan para desestacionalizar. Faltan ideas, falta un técnico dinamizador, falta....

Continuará



ALVARITO, VOLVE A SORPRENDERNOS

Levo tempo escribindo neste minixornal unha frase acuñada pola arqueóloga Paula Ballesteros con respecto á nosa illa, que di: “*Ons, nunca deixará de sorprendernos*”. Pois ben certo é, pois eu tiven que utilizar esa expresión moitas veces nos últimos anos.

E agora, co permiso de Paula, vou darlle un pequeno cambio, e digo: “*Alvarito, non deixa de sorprendernos*”, por mor, sen lugar a dúbidas, sobre as súas capturas pola ría de Vigo.

Onte (10/03/2026) deixoume pasmado por dúas cousas. A primeira pola captura dunha lamprea, no lugar dos Castros, preto da praia de Barra, viña pegada a unha “xabenlla”. E hoxe (11/03/2026) volve a coller outra pegada a unha raia. Increíble. Non hai un mes, queríamos ir a tomar lamprea pola zona de Salvaterra-Neves-Arbo e dixéronos que non había e, algún que tiña, a 190 € peza. Non pasou un mes, e andan a collelas polos mares da Ría de Vigo. Pois terán que montar o chiringuito da Lamprea á Bordalesa na vila de Cangas.

A segunda polo nome de <xabenlla>, teño que recoñecer que nunca o escoitara. Pregunteille, e díxome que era: como unha sardiña grande, de quilo para arriba. Pescudarei sobre o tema.

Viches esta bolboreta?



O seu nome é *Zerynthia rumina*, unha especie protexida en Galicia, cun período de voo neste Parque Nacional comprendido entre mediados de marzo e principios de maio



En Cíes e Sálvora as súas poboacións gozan de boa saúde, pero aquí, na illa de Ons, levamos xa varios anos sen vela...

Se a ves durante a túa visita á illa, encantaríanos saber cando e onde, e se podes incluír unha fotografía, aínda mellor!

• BMS España é un programa de Seguimento de Bolboretas que ten como principal obxectivo avaliar a abundancia e saúde das poboacións de bolboretas para establecer estratexias de conservación adecuadas.
• Se che encantan as bolboretas e pasas tempo ao aire libre, únete a nós en BMS España. comparte a túa paixón por estes fascinantes insectos e colabora deste xeito coa ciencia cidadá!

iatlanticas@xunta.gal
bms.galicia@soceme.es

MUCHÍSIMAS GRACIAS POR TU COLABORACIÓN!

X XORNADAS DE ESTUDO E INVESTIGACIÓN DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

Divulgación dos traballos de conservación e estudo sobre o patrimonio natural do PNMTIAG

23 e 24 de marzo de 2026

Sede do Parque Nacional das Illas Atlánticas (Rúa Oliva 3, 36202 Vigo)
Inscripcións ata o 20 de marzo ou ata completar aforo en:
<https://fb.gy/cizxon>




XUNTA DE GALICIA
Fondos Europeos
Xacobeo 2027

ACTIVIDADES DO PARQUE NACIONAL COA COLABORACIÓN DOUTROS ORGANISMOS

Interesantes actividades organizadas polo Parque Nacional, como a “*Divulgación dos traballos de conservación e estudo sobre o patrimonio natural*, e supoño que cultural, *do Parque*”, que terá lugar os días 23 e 24 de marzo na sede do Parque en Vigo. Espero que destas xornadas, se extraian dossiers ou informes dos relatorios para, ben catalogados, pasen a formar parte da futura **Biblioteca** do Parque Nacional.

A segunda actividade é moi interesante xa que fomenta que a visita ás illas do Parque, teñan unha función lúdico-didáctico á vez de cooperar con aqueles que están investigando sobre temas de fonda importancia ecolóxica. Posteriormente, poderían utilizar os Centros de Visitantes das Illas, para charlas divulgativas ao respecto, nas épocas do ano que consideren poden ser de interese.



Faro de Ons despois da súa remodelación, hai 100 anos. Revista Vida Galega.